



esquerda unida



MARTES, 26 DE ABRIL, AS 18:00 h.

ASEMBLEA DE BARRIO VENTORRILLO

CEIP María Barbeito (R/. Alcalde Salorio Suárez, 28)

INTERVEÑEN



Gaspar Llamazares

Voceiro do Grupo Parlamentar de IU
Presidente da Comisión de Sanidade



César Santiso

Coordinador comarcal de EU A Coruña
Candidato á alcaldía por A Coruña

ORGANIZA ESQUERDA UNIDA – OS VERDES (EU-V)
COLABORA PLATAFORMA VENTORRILLO DESMANTELAMENTO PENAMOA

OUTRA POLÍTICA É POSÍBEL

Defendemos a política coma ferramenta ao servizo da cidadanía para mellorar a calidade de vida da veciñanza. **Transparencia, ética e austeridade** serán os principios rectores da nosa acción política.

DEMOCRACIA PARTICIPATIVA

Demandamos maior poder de decisión para a cidadanía. Desexamos que A Coruña avance cara unha participación cidadá real mediante a aplicación de **orzamentos participativos** para que os investimentos nos barrios sexan elixidos pola veciñanza que é quen máis coñecemento práctico ten sobre as súas necesidades. Así, superando o actual, obsoleto e oxidado **regulamento de participación cidadá**, as **assembleas de barrio** terían a potestade de asignar democraticamente orzamentos para as actuacións nos seus barrios, segundo uns orzamentos definidos polo concello e distribuídos segundo acorde o **consello de barrios**.

ASEMBLEA DE BARRIO NO VENTORRILLO

Moitos falan de participación cidadá, mais so de palabra. A nosa intención é demostrar que **cumprimos o que decimos**. Por iso, nos nosos actos públicos propoñemos desenvolver assembleas de barrio que permitan a veciñanza acadar experiencia neste fito participativo. Nesta ocasión **os veciños e veciñas do Ventorrillo definirán democraticamente as propostas que consideren necesarias para o seu barrio co fin que Esquerda Unida adquira un compromiso de cara a súa defensa e desenvolvemento**, sempre que estas non sexan incompatíbeis cos valores que defendemos.

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Intervención de Gaspar Llamazares, que ven de presentar unha pregunta ao Goberno de España sobre os riscos para a saúde xerados polo asentamento chabolista de Penamoa.

Intervención de César Santiso para explicar brevemente as propostas de Esquerda Unida en relación con Penamoa.

Mesa redonda para aclarar as dúbidas relacionadas coas propostas.

Asemblea de barrio, propiamente dita, na que a veciñanza toma o protagonismo para debater e decidir as propostas a achegar a EU.